

PROBA TIPO TEST LISTA DE CONTRATACION, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL. (Convocatoria BOP 25.02.2022)

NOME:

DNI:

1. Atendendo ao réxime sancionador en materia de protección civil e xestión de emergencias considérase infracción grave:

- a) Non seguir ou non respetar as medidas e as instrucións dispostas pola autoridade de protección civil e xestión de emergencias cando se fagan simulacros.
- b) Obstaculizar, sen chegar a impedir, a inspección do estado das medidas e dos medios de autoprotección pola autoridade competente de protección civil.
- c) Non respectar as ordes ou instrucións ditadas pola autoridade de protección civil en situacións de activación dun plan ou emergencia declarada.
- d) Todas as anteriores son infraccións graves.

2. O art. 31.4 da Lei do Emprego Público de Galicia indica que a prestación de servizos como persoal eventual:

- a) Non constituirá mérito para o acceso á función pública.
- b) Constituirá mérito para o acceso á función pública.
- c) Constituirá mérito para o acceso á función pública e á promoción interna.
- d) Ningunha é correcta.

3. A Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos :

- a) Ten unha superficie de 39,574km².
- b) Recolle aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude exclusiva de normativas autonómicas.
- c) Representa mais do 13% da superficie total galega.
- d) Forma parte da Rede Natura 2000.

4. O monte veciñal en man común de Puxeda atópase no Concello de:

- a) Friol.
- b) Outeiro de Rei.
- c) Guitiriz.
- d) Palas de Rei.

5.- Que artigo da Constitución recolle o dereito de Autonomía?

- a) O artigo 4.
- b) O artigo 2.
- c) O artigo 3.
- d) Ningunha é correcta.



6.- Cal dos seguintes dereitos non forma parte do dereito dos traballadores á protección eficaz fronte aos riscos laborais, nos termos sinalados na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais?

- a) Dereito a indemnización por incumprimento en materia preventiva.
- b) Dereito de consulta en materia preventiva.
- c) Dereito á formación en materia preventiva.
- d) Dereito á información en materia preventiva.

7.- O algodón Húmido en mercancías perigosas pertence á clase:

- a) 4.2.
- b) 4.3.
- c) 5.1.
- d) 8.

8.- Cal dos seguintes artigos non fai referencia á Administración Local na Constitución Española de 1978?

- a) Artigo 140.
- b) Artigo 141.
- c) Artigo 142.
- d) Artigo 143.

9.- Se unha Comunidade Autónoma non cumprise as obrigacións que a Constitución ou outras leis lle impoñan, ou actuase de forma que atente gravemente ao interese xeral de España, o Goberno:

- a) Previo requerimento ao Presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das devanditas obligacións ou para a protección do mencionado interese xeral.
- b) Previo requerimento ao Presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das devanditas obligacións ou para a protección do mencionado interese xeral.
- c) Previo requerimento ao Presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das devanditas obligacións ou para a protección do mencionado interese xeral.
- d) Previo requerimento ao Presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Congreso, adoptará as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das devanditas obligacións ou para a protección do mencionado interese xeral.

10.- Como se organiza territorialmente o Estado?

- a) En municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
- b) Nas Comunidades Autónomas, provincias e entidades locais que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
- c) Todas as respostas son correctas.
- d) Todas as respostas son erróneas.



11.- Sinala a resposta correcta:

- a) A Lei do Emprego Público de Galicia aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo, entre outras, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais galegas.
- b) A Lei do Emprego Público de Galicia aplícase só ao persoal funcionario ao servizo, entre outras, da Administración Xeral do Estado dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais galegas.
- c) A Lei do Emprego Público de Galicia aplícase só ao persoal funcionario ao servizo, entre outras, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais galegas.
- d) Ningunha resposta é correcta.

12.- É misión do técnico de distrito forestal:

- a) Ser o máximo responsable da prevención e defensa contra incendios forestais no seu ámbito territorial.
- b) Executar os plans de educación ambiental e a concienciación da poboación.
- c) Será o responsable da organización dos traballos das brigadas.
- d) Todas as respostas son correctas.

13.- Os racores Storz:

- a) Son simétricos con peche baioneta que está protexido por un colar.
- b) Os tres diámetros principias son 25,45 e 70 mm.
- c) Consiste nun corpo cilíndrico e oco que ten por un lado tres patillas que engarzan coas súas homólogas cun xiro de cuarto de volta.
- d) Trátase dun racor recto con precinto para gas e aloxamento para xunta.

14.- En canto ao art. 185 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sobre as faltas disciplinarias dos funcionarios, sinale a resposta que non está recollida como falta moi grave:

- a) A realización de actos encamiñados a coartar o libre exercicio do derecho de folga.
- b) O acoso laboral.
- c) O notorio incumprimento das funcións esenciais inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.
- d) A gravidade dos danos causados ao interese público, patrimonio ou bens da Administración ou dos cidadáns.

15.- Sinale a resposta correcta en relación co nomeamento e mandato do Presidente do Tribunal Constitucional:

- a) É nomeado entre os seus membros polo Rei a proposta do Pleno do Tribunal Constitucional.
- b) É nomeado entre os seus membros polo Congreso a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) É nomeado polo Rei a proposta do goberno entre Maxistrados e Fiscais, Profesores de Universidade, funcionarios públicos e Avogados. Todos eles xuristas de recoñecida competencia.
- d) Será designado por un período de nove anos non podendo ser reelexido.



16.- O Real Decreto 513/2017, de 22 de maio , polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios fala sobre mantas ignífugas, este elemento ¿Debe ter data de caducidade?

- a) Si, e esta non debe de exceder de 10 anos.
- b) Si, e esta non debe de exceder de 3 anos.
- c) Si, e esta non debe de exceder de 20 anos.
- d) Si, e esta non debe de exceder de 6 anos.

17.- Segundo o art. 140 da Constitución sobre autonomía dos municipios:

- a) Os Municipios non gozarán de personalidade xurídica propia.
- b) O seu goberno e administración corresponde aos seus respectivos Concellos que estarán integrados polos Alcaldes, os Concelleiros e os Secretarios de Administración Local.
- c) Os Concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio, na forma establecida pola lei.
- d) Os Alcaldes serán sempre elixidos polos Concelleiros.

18. A norma UNE a que fai referencia o apéndice do Anexo I do Real Decreto 513/2017, de 22 de maio , polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, sobre sinalización de seguridade contra incendios é a seguinte

- a) UNE 23033-1:1971.
- b) UNE 23033-1:1981.
- c) UNE 23543-1:1981.
- d) Ningunha resposta é correcta.

19.- A norma UNE-EN 15004-7:2009, a que fai referencia o apéndice do Anexo I do Real Decreto 513/2017, de 22 de maio , polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, ten por título:

- a) Sistemas fixos de loita contra incendios. Sistemas de extinción por polvo. Parte 7: Especificacións e métodos de ensaio para os compoñentes.
- b) Axentes extintores. Concentrados de espuma. Parte 7: Especificación para concentrados de espuma de media expansión para aplicación sobre a superficie en líquidos no miscibles coa auga.
- c) Instalacións fixas de loita contra de incendios. Sistemas equipados con mangueiras. Parte 7: Bocas de incendio equipadas con mangueiras planas.
- d) Sistemas fixos de loita contra incendios. Sistemas de extinción mediante arentes gaséoos. Parte 7: Propiedades físicas e deseño de sistemas de extinción mediante axentes gaséoos con IG-01 (ISO 14520-12:2005, modificada).

20.- De conformidade co disposto nos artigos 172 e seguintes da Lei do emprego público de Galicia, a excedencia dos funcionarios de carreira poderá adoptar as seguintes modalidades:

- a) Excedencia por razón de violencia terrorista, a condición de que sufrisen danos físicos.
- b) Excedencia por razón de violencia de xénero, sen ter que prestar un tempo mínimo de servizos previos.
- c) Excedencia por coidado de familiares, tendo dereito a un período de excedencia de duración non superior a catro anos para atender ao coidado de cada fillo.
- d) Excedencia voluntaria por interese particular, cando prestasen servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante un período mínimo de catro anos inmediatamente anteriores.



PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Sinala a resposta falsa respecto do persoal eventual, segundo indica a Lei do emprego público de Galicia:

- a) O seu nomeamento será libre
- b) A condición de persoal eventual non poderá constituir mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna, salvo nos casos dispostos pola lei.
- c) A determinación das condicións de emprego do persoal eventual non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva.
- d) Ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

2.- O municipio de Outeiro de Rei esta formado por

- a) 207 entidades de poboación distribuídas en 26 parroquias.
- b) 204 entidades de poboación distribuídas en 27 parroquias.
- c) 227 entidades de poboación distribuídas en 26 parroquias
- d) 214 entidades de poboación distribuídas en 27 parroquias

3.- A casa do Concello de Palas de Rei atópase na estrada:

- a) N-647.
- b) N-576.
- c) N-547.
- d) N-657.

4. Un dos seguintes non é un requisito de participación nun proceso selectivo segundo a Lei do emprego público de Galicia:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ter cumplidos polo menos 18 anos.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño das tarefas.

5.- A manobra de Heimlich serve para

- a) Abrir a vía aérea nas paradas respiratorias.
- b) Fai circular o sangue e comprimir o torax.
- c) Comprobar se a vítima respira.
- d) Ningunha resposta é correcta.



